

O FESTIVAL DOS ABRAZOS APURA OS ÚLTIMOS DÍAS CON CINE, LETRAS E MÚSICA

2011-08-23

O Festival dos Abrazos 2011 entra na súa recta final cunha xornada, a de hoxe, protagonizada pola música, o cine e a literatura. A escritora Inma López Silva guiará a partir das 20.00 horas un roteiro literario organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) pola cidade na que naceu en 1978, un percorrido que sairá da estatua de Rosalía de Castro na alameda. A partir das 21.15, na Praza de Mazarelos, haberá Curtocircuíto na Rúa: primeiro sesión co DJ Bigote Mix e logo proxeccións da sección By Galicia, que se trasladarán á Praza de Abastos se chove.

O segundo dos roteiros literarios enmarcados no Festival dos Abrazos sairá ás 20.00 horas da alameda e irá pola Ferradura, a rúa Vilar, a catedral, a Acibechería, a Praza de Cervantes, Belvís e Mazarelos até rematar na Quintana. Estará guiado por Inma López Silva, novelista que debutou en 1996 con *Neve en abril*.

Bigote Mix, alias do activista sonoro compostelán Marcelino B, será o encargado de poñer música antes das proxección de Curtocircuíto: *Rural pretérito*, de Sonia e Miriam Albert Sobrino; *Gato encerrado*, de Peque Varela; *Mañana me voy*, de Gael Herrera; *Un día normal*, de Alex Sampayo; *Amigos del género humano*, de Javier Camino; *Tourettes*, de Martín Fiallega; e *Polaroids*, de Javier Álvarez.

CABARÉ E MÚSICAS DO BRASIL

Mañá o Festival dos Abrazos cambia de protagonistas. Lobalú, Aline Frazão trío e Aquarela do Brasil encargaranse dunha jam session na Praza de Cervantes a partir das 21.00 horas; a compañía Gayo-Pinheiro levará á Praza da Oliveira (20.00) o seu cabaré *Área de descanso*; e o Festival Amal proxectará ás 22.00 na Ruela de Xerusalén *Camino a Nahr Al Bared*, de Sebastián Talavera.